



8 setembro 2021

Benqueridas familias:

O servizo de comedor comeza mañá para todas aquelas que así o solicitádes.

As medidas de seguridade seguen a ser as mesmas que o curso pasado. É obrigatorio o uso da máscara para os nenos e nenas de todos os cursos e traer unha de reposto. Tamén será necesario o estoxo para gardala no momento de xantar.

O alumnado sentarase tendo en conta os grupos burbulla, unidade familiar ou gardando as distancias de seguridade e a colocación nas mesas que están recollidas no Protocolo Covid.

O centro é o que decide a colocación priorizando a seguridade e o espazo dispoñíbel.

No servizo de tickets para o comedor, debido á situación excepcional que estamos vivindo e para garantir as medidas de seguridade, as prazas serán limitadas. Teredes que solicitar o ticket coa máxima antelación xa que, se o facedes a véspera do día en que o precisades, non vos podemos asegurar que teñades praza, poden estar xa cubertas. Os nenos e nenas de ticket sentaranse xuntos, nunhas mesas divididas en catro zonas cun metacrilato que permite este tipo de agrupación.

O horario de recollida do alumnado será, según necesitedes: ás 15.00 h, ás 15.30h ou ás 16.00h pola porta azul da rúa España. É necesario que chamedes a secretaría indicando a hora en que queredes recoller aos nenos se todavía non o fixéchedes. É moi importante a puntualidade xa que, fora do horario solicitado, non se poderá entregar ás crianzas.

É obrigatorio en EI e EP o uso do mandilón específico para este espazo e levarase cada mércores para ser lavado e vir de volta para o seu uso xoves e venres.

Os menús están colgados na páxina web. Se o precisades en papel, podedes pedilo en secretaría.

Nos vindeiros días informaremosvos das actividades extraescolares programadas a partir do mes de outubro e que poderán realizar vosos fillos e fillas unha vez finalizado o servizo de comedor.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

Un saúdo,

O Equipo Directivo

